

**BASES DA CAMPAÑA E SORTEO “MERCA E GAÑA EN COMERCIO
PUNTO COMPOSTELA”**

1. “MERCA E GAÑA EN COMERCIO PUNTO COMPOSTELA”, é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Asociación de Comerciantes Punto Compostela CCA dirixida aos comercios de Santiago de Compostela integrados na Asociación.

Esta campaña promocional iniciarase en data de 3 de outubro de 2020 e rematará o 31 de outubro de 2020 (ambas datas engadidas), e o seu ámbito é o Concello de Santiago, podendo participar todos os consumidores/clientes dos establecementos integrados na Asociación de Comerciantes Punto Compostela CCA, segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases.

2. O OBXECTIVO FUNDAMENTAL DA CAMPAÑA é crear un ambiente favorable para incentivar as compras no noso sector para paliar os efectos negativos da crise sanitaria do COVID 19, tratando en todo momento de potenciar e fomentar a imaxe a través desta campaña de que é seguro mercar nos nosos establecementos, que cumpren todas as medidas sanitarias e de protección da saúde de traballadores e clientes esixidas pola normativa vixente, e recuperar a confianza do consumidor para que volte a mercar nos nosos comercios. Ademais, esta campaña promocionará as nosas señas de identidade tradicionais e básicas: o trato directo e personalizado, a especialización, a proximidade, o asesoramento, a variedade e calidade de produtos e servizos. Todo elo a fin de incentivar o consumo no comercio local e reactivar a economía no noso sector.

Así, nesta campaña premiarase a confianza dos clientes que aposten polos comercios asociados á Asociación Comercio Punto Compostela, incrementando deste xeito as vendas e incentivando o consumo no pequeno comercio, aproveitando ao mesmo tempo a afluencia de visitantes (viaxeiros e peregrinos) que ten habitualmente este Concello, que se ven incrementados coa proximidade do Ano Xacobeo.

3. A DINÁMICA E FUNCIONAMENTO DESTA CAMPAÑA/SORTEO É O SEGUINTE:



Trátase dunha *campaña "aberta"*, na que **poderán participar todos os consumidores maiores de idade**, que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra por calquera importe en pequenos comercios retallistas integrados na Asociación Comercio Punto Compostela CCA, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña, isto é, do 3 de outubro de 2020 ata o 31 de outubro de 2020.

Non poderán participar nesta campaña/sorteo os traballadores da Asociación Comercio Punto Compostela CCA, nin os titulares ou traballadores dos comercios participantes, así como tampouco familiares ata segundo grao de todos os anteriores.

Así pois, os consumidores ou clientes que merquen nos comercios asociados nas datas sinaladas (entre o 3 e o 31 de outubro de 2020, ambos engadidos), e desexen participar na campaña, deberán en todo caso conservar o ticket da compra realizada en ditos comercios, ou fotografía do mesmo, a fin de dispoñer dun xustificante, SENDO AS MODALIDADES DE INSCRIPCIÓN E REXISTRO DA COMPRA REALIZADA AOS EFECTOS DE PARTICIPAR NO SORTEO, AS DÚAS SEGUINTE:

- *O consumidor/cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo a través da plataforma/dirección web habilitada a tal efecto e denominada www.mercaeganasantiago.com, efectuando o correspondente rexistro da operación de compra realizada nos comercios de Santiago de Compostela integrados na Asociación Comercio Punto Compostela nas datas indicadas, o que lle dará dereito a 1 participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra realizada e o cliente ou consumidor.*

So poderán facer un rexistro por operación de compra, e cada operación de compra rexistrada, equivale a 1 participación. Cantas máis

compras fagan nos comercios adheridos, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

- *Outra modalidade de rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo será contando coa colaboración activa do comerciante retalista (modalidade de participación a realizar exclusivamente no establecemento comercial asociado), a través da cal o comerciante poderá rexistrar directamente as operacións de compra dos seus clientes e a través da plataforma habilitada a tal efecto denominada www.mercaeganasantiago.com/comercios, debendo quedar así mesmo perfectamente rexistrada a operación de compra realizada, así como plenamente identificado o consumidor/cliente.*

A vantaxe desta modalidade de participación é que o consumidor que sexa rexistrado para participar baixo esta modalidade, obterá 2 participacións para o sorteo por cada operación de compra nos comercios adheridos participantes, rexistrada deste xeito.

Sinalar que quedan excluídos de participar no sorteo todos os **tickets de compras efectuadas** en establecementos incluídos no Sistema Nacional de Pago baixo calquera dos seguintes Códigos de Actividade Interbancaria: Alcampo (1387, 1524, 2387, 2524, 5335), Carrefour (1386, 1389, 1423, 1525, 2386, 2525) El Corte Inglés (5959), Hipercor (5338), Eroski (1388, 1415, 1416, 1417, 1446, 1529, 2388, 2529). Do mesmo xeito, excluíranse os tickets de compras realizadas en gasoliñeiras: Alcampo Gasoliñeiras, Consum Gasoliñeiras, CEPSA, Agip, BP Oil, Retail Operating Company, Makro Gasoliñeiras, Leclerc Gasoliñeiras, Corp. Alim. Guissona Gasoliñeiras, Bon Preu Gasoliñeiras, Uvesco Gasoliñeiras, Eroski Gasoliñeiras, Repsol, Campsa, así como venda de combustible a domicilio.

4. REALIZACIÓN DO SORTEO:



O SORTEO terá lugar en data de 6 de novembro de 2020, ás 12.00 horas, na sede da Federación Galega de Comercio (Ronda da Muralla, 52-Ent. Dta, 27002-Lugo) de xeito telemático, mediante un código programado que elixirá aleatoriamente aos agraciados de entre todos os participantes, ata rematar a totalidade de premios/tarxetas prepago dispoñibles para sortear nesta campaña.

A realización telemática do sorteo polo sistema referido, non será aberta ao público, sendo o resultado do mesmo comunicado aos agraciados polos medios que determine a organización, e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacientemente.

Os premios enténdense como **cantidades brutas**, suxeitas ás **retencións** que establece a **lei vixente** no seu caso; polo tanto, dita retención aplicarase automaticamente nos supostos que proceda.

O consumidor/cliente/usuario rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero **unha vez agraciado cunha destas tarxetas prepago xa non poderá optar a ningunha máis, podendo obter polo tanto cada consumidor unha única tarxeta prepago do importe que corresponda**.

Asimesmo, **só poderá saír un premio por establecemento comercial participante**. Isto é, que no caso de que nun mesmo establecemento comercial xa resultara premiado un dos seus clientes cun ticket de compra feita no mesmo, e de novo resultase agraciado un novo cliente dese mesmo establecemento con outro ticket de compra realizada neste mesmo comercio; neste caso, pasarase ao suplente; (e así sucesivamente) de tal forma que se distribúan os premios máis equitativamente, e déanse así máis oportunidades, para que tódolos clientes de tódolos establecementos participantes asociados, poidan ter a opción de obter un agasallo.

5. **OS PREMIOS A SORTEAR NESTA CAMPAÑA consistirán en TARXETAS PREPAGO de ABANCA**, debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e que os consumidores que resulten agraciados, deberán utilizar para realizar

novas compras única e exclusivamente no pequeno comercio participante na mesma e integrado na Asociación Comercio Punto Compostela CCA, quedando expresamente excluídos os códigos de actividade interbancaria recollidos no apartado anterior. Deste xeito cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no pequeno comercio de proximidade.

O NÚMERO TOTAL DE TARXETAS PREPAGO QUE SE SORTEARÁN NESTA CAMPAÑA E OS IMPORTES RESPECTIVOS DAS MESMAS, SERÁN OS SEGUINTE:

- *5 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 200 EUROS CADA UNHA DELAS*
- *20 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 100 EUROS CADA UNHA DELAS*

O IMPORTE TOTAL DAS TARXETAS PREPAGO A SORTEAR POLO TANTO NESTA CAMPAÑA ASCENDE A 3.000 EUROS.

O prazo de caducidade da totalidade das tarxetas prepago será ata o 30 de xuño do 2021.

RESERVAS:

No mesmo acto de realización do SORTEO TELEMÁTICO, ademais dos elixidos como agraciados en primeiro lugar, e seguindo o mesmo sistema telemático, serán elixidos tamén aletatoriamente o seguinte número de reservas, para o caso de que algún dos premiados non cumpra as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

- *3 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 200 EUROS:*



- 10 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 100 EUROS

A ENTREGA DAS TARXETAS PREPAGO AOS AGRACIADOS será realizada na modalidade que acorde a organización, antes do 20 de novembro de 2020 e unha vez realizado o sorteo, sendo todos os agraciados fehacientemente notificados a tal fin, mediante comunicación persoal.

En calquera caso, comunicaráselles aos agraciados previamente e coa antelación suficiente no seu caso, a modalidade acordada para a entrega dos premios, segundo a situación sanitaria derivada do COVID 19 o permita. No caso de que algún agraciado non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocado a tal efecto, entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos, salvo que o agraciado xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior allea á súa responsabilidade, e proceda a nomear neste caso a algún representante que o recolla no seu nome, que deberá acudir a dita entrega debidamente identificado e autorizado polo agraciado segundo indicacións da organización.

6. A Asociación Comercio Punto Compostela en calidade de entidade organizadora, procederá a realizar todos os trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo de XOGOS, encargándose asimismo da liquidación das pertinentes taxas perante Facenda Autonómica.
7. Estas bases serán depositadas ante NOTARIO, e asimismo, estarán a disposición de tódolos consumidores interesados en participar e que desexen consultalas, na páxina web www.mercaeganasantiago.com

A mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

8. **PROTECCIÓN DE DATOS.** De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016**, así como na **normativa estatal de aplicación no seu caso**, **infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña**, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO, Ronda da Muralla, nº 52, entrechán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es
Este ficheiro estará depositado e almacenarase pola empresa: **CDMON, con domicilio en Malgrat de Mar, 08380 de Barcelona, c/ Girona 81-83, Local 6**, entidade que cumprirá asimesmo con tódalas garantías de confidencialidade e con tódalas obrigas derivadas da normativa de protección de datos aplicable”

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con tódalas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, e serán ditos datos conservados polo responsable do ficheiro durante o período de duración de dita campaña.

A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc. todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos na



normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a **FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO**, Ronda da Muralla, nº 52, entrecán dereita, 27002 de Lugo; teléfono 982255120, e-mail fgc@comerciogalicia.es,

na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercer. O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

9. A Asociación Comercio Punto Compostela resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.